

zable non programado do SUNP-25 de Roxos segundo o documento presentado o 7 de maio de 2009.

O acto de aprobación definitiva do citado estudo de detalle foi comunicado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o 15 de xaneiro de 2010, en cumprimento do disposto polo artigo 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

De acordo co sinalado no artigo 92.2º da citada lei, publicouse o BOP nº 20, do día 1 de febreiro de 2010, o texto íntegro da normativa.

Contra o acordo de aprobación definitiva poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2010.

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde

CONCELLO DE VILAMARÍN

Anuncio.

O Pleno do Concello, na sesión que tivo lugar o día 25 de xaneiro de 2010, aprobou definitivamente o Plan de sectorización en solo rústico apto para urbanizar en Sobreira, Vilamarín. Transcríbese a continuación, na súa parte dispositiva, o acordo adoptado:

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, por maioría absoluta, con 9 votos a favor dos concelleiros do Grupo Popular e 2 votos en contra dos concelleiros do BNG, acorda:

Primeiro.-Aprobar definitivamente o Plan de sectorización en solo rústico apto para urbanizar, en Sobreira, Vilamarín, refundido en novembro de 2009.

Segundo.-Publicar este acordo no *Diario Oficial de Galicia* e o documento que conteña as ordenanzas no BOP.

Terceiro.-Poñer en coñecemento de Agropecuaria Mabelipa, promotora do citado plan, que no proxecto de urbanización que realice debe dar cumprimento ao condicionante establecido no informe emitido pola Consellería de Vivenda e Solo do 15 de maio de 2009.

Cuarto.-En cumprimento do establecido no artigo 92.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, comuníquese este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e déaselle, á vez, traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente

con todos os planos e documentos que integran o plan debidamente dilixenciados polo secretario do concello.

Quinto.-Notificarlle este acordo aos propietarios dos terreos afectados polo citado plan e que figuran na documentación deste e aos que presentaron alegacións.

O acto de aprobación definitiva do citado plan de sectorización comunícaselle á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o 4 de febreiro de 2010, en cumprimento do disposto no artigo 92.3º da Lei 9/2002.

Contra o acordo de aprobación definitiva, pódese interpor recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa competente, no prazo máximo de dous meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se practique a notificación ou, se é o caso, ao da última publicación do anuncio no BOP de Ourense ou no DOG, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, do 13 de xullo de 1998.

Non obstante, pódese interpor calquera outro recurso que se considere procedente.

Vilamarín, 4 de febreiro de 2010.

Amador Vázquez Vázquez
Alcalde

e) OUTROS ANUNCIOS

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

Anuncio do 11 de febreiro de 2010 polo que se fai pública a resolución sobre o prazo de renovación, reserva de praza, preinscrición e matrícula de usuarios/as das escolas infantís para o curso 2010-2011.

De conformidade coa resolución da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar do 11 de febreiro de 2010, anúnciase o prazo de renovación, reserva de praza, preinscrición e matrícula de usuarios/as da Rede de Escolas Infantís de Galicia que se detallan na dita resolución para o vindeiro curso 2010-2011.

A resolución correspondente a esta convocatoria está exposta na sede do consorcio e na súa páxina web, www.igualdadebenestar.org, así como no taboleiro de edictos dos concellos e das escolas infantís.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2010.

Roberto Rodríguez Martínez
Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar